

Galicia, Portugal, Brasil. Unha lanza pola dialectoloxía

Galicia, Portugal, Brazil. A spearhead for dialectology

Rosario Álvarez Blanco



rosario.alvarez@usc.es

¹ Universidade de Santiago de Compostela

Resumo

Móstrase o valor dos datos lingüísticos, coa súa variación no espazo e no tempo, e a importancia do labor dos lingüistas para desvelar a información esencial que conteñen a forma e significado das palabras, non só para a historia da lingua senón para a historia da cultura e das conexións establecidas outrora entre pobos e territorios, por veces moi distantes. Aténdese ao vasto mundo do bloque galego-portugués, co foco de atención situado en Europa (Portugal e Galicia) e en América (Brasil), mostrando a necesidade de ter en conta o galego na reconstrución e descrición do relato histórico do bloque lingüístico no seu conxunto. Articúlase en catro estudos de caso: a diversidade semántica actual de *dorna* alumea as orixes nun pasado remoto, prerromano; a disposición espacial da multiplicidade de formas dialectais de port. *murras* e gal. *murnas*, permite conxectar sobre a orixe etimolóxica e as vías de diversificación formal; contemplar o adxectivo nordestino *sarolho* nun marco menos local, incluíndo a variación en Galicia e Portugal, permite completar a evolución fonética e semántica e salientar a innovación producida no Brasil; finalmente, *changüí* ilustra as viaxes transatlánticas, de ida e volta, entre tres continentes, nos que arraigou con significados ben diferentes.

Palabras clave

Dialectoloxía. Variación lingüística. Léxico galego-portugués. Lingua galega. Etimoloxía.

Editores Xefes

Marcus Dores
Célia Lopes

Recibido: 27/02/2025

Aceptado: 05/04/2025

Como citar:

ÁLVAREZ, Rosario.
Galicia, Portugal,
Brasil. Unha lanza pola
dialectoloxía. Revista
LaborHistórico, v.11, n.2,
e67403, 2025. doi:
[https://doi.org/10.24206/
lh.v11i2.67403](https://doi.org/10.24206/lh.v11i2.67403)

Abstract

This paper shows the value of linguistic data, with their variation in space and time, and the importance of the work of linguists in revealing the essential information contained in the form and meaning of words, not only for the history of language but also for the history of culture and the connections established in the past between peoples and territories, sometimes very distant. It looks at the vast world of the Galician-Portuguese block, with a focus on Europe (Portugal and Galicia) and America (Brazil), showing the need to take Galician into account in the reconstruction and description of the historical account of this linguistic block as a whole. It is divided into four case studies: the current semantic diversity of *dorna* sheds light on its origins in a remote, pre-Roman past; the spatial layout of the abundant dialectal forms for port. *murras* and gal. *murnas* allows us to speculate on their etymological origin and ways of formal diversification; looking at the northeastern adjective *sarolho* (PT-BR) in a less local framework, including its variation in Galicia and Portugal, allows us to complete its phonetic and semantic evolution and to highlight the innovation produced in Brazil; finally, *changüi* illustrates the transatlantic travels, back and forth, between three continents, where it took root with very different meanings.

Keywords

Dialectology. Linguistic variation. Galician-Portuguese lexicon. Galician language. Etymology.

Introdución

As palabras, esa compoñente substancial do patrimonio inmaterial da humanidade, desprázanse no espazo e no tempo, ora dentro do mesmo sistema lingüístico ou da mesma cultura, ora en vizoso diálogo intercultural. Son por iso fonte de coñecemento e indicadores esenciais para reconstruír a historia da cultura, das relacións e conexións da propia coa doutros pobos –outras linguas, outras culturas, outras peripecias–, cos seus camiños de ida e volta, por veces inesperados ou caídos no esquecemento. Nese contexto a intervención dos lingüistas revélase fundamental, tanto para mostrar a distribución territorial das formas léxicas coma para explicar a partir dela como se produciu a expansión e como se foron diversificando formal e semanticamente. Indagamos no presente cos datos contemporáneos para coñecer mellor o pasado.

No caso do bloque galego-portugués este labor ten unha complexidade que engade un interese adicional. Tras unha primeira expansión do sistema desde o territorio constitutivo (no primitivo reino de Galicia, recanto NW da Península Ibérica, *grosso modo* ao norte do Douro), galgando ríos e serras, ata ocupar toda a fachada

atlántica peninsular, prodúcese a fragmentación lingüística entre galego e portugués. Na segunda expansión, o portugués cruza o mar, coa capacidade de implantación que dá ser a lingua da corte e do imperio; tamén o cruza o galego, mais como lingua de grandes continxentes de migrantes. En todo caso, cómpre ter presente que o portugués chegado ao Brasil –tanto o oral marcado por características dialectais do norte, coma o centro-meridional oral ou escrito–, en sucesivas andadas migratorias, conservaría en diversos graos características antigas que hoxe non forman parte do padrón nin da lingua usual da maior parte da poboación falante desta lingua pero persisten no galego. Na medida en que se queira reconstruír da maneira máis completa e matizada a historia do portugués (PE ou PB), non é razoable –nin aceptable por rigor científico– ignorar a existencia do galego e as súas características, históricas e actuais; e o mesmo se pode afirmar en sentido inverso.

Nesta ocasión que festexa o décimo aniversario de *LaborHistórico* quixera romper unha lanza pola relevancia da Dialectoloxía, e máis particularmente da Xeolingüística e da Cartografía Lingüística. O teor da presentación ten a súa orixe no convite das queridas colegas do Grupo de Pesquisas em Dialectologia e Geolingüística da USP (GPDG/USP) a participar no *I CIPAL - Ciclo de Palestras em Dialectologia, Geolingüística e Sociogeolingüística: teoria e prática*, que discorreu en liña no outono de 2020. Na súa humildade, e contando coa comprensión dos protagonistas deste aniversario, nesta festa das Letras ofrézoa como homenaxe ás sucesivas xeracións de dialectólogas brasileiras –espléndidas, comprometidas, xenerosas–, do Amapá a Rio Grande do Sul, do Acre á Bahia, con afecto, gratitude e admiración.

A través de casos concretos de variación léxica a que nos temos enfrontado nos traballos do *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Português*², pretendo mostrar a importancia de analizarmos a distribución territorial das formas e significados das unidades léxicas para conxectar sobre as súas vicisitudes no espazo e no tempo, dentro do propio dominio lingüístico (a supervivencia ou a “conquista/defensa” do territorio) ou por transferencia a outros lugares (préstamos); para coñecermos mellor a historia interna das linguas galega e portuguesa, nas súas diversas modalidades; e para mostrar a intensidade dos vínculos entre as variedades europeas e as americanas, a través do océano compartido en viaxes transatlánticas en ambas as direccións.

² Proxecto internacional colaborativo desenvolvido por unha rede de investigadores e investigadoras de universidades brasileiras, galegas e portuguesas, e coordinado desde Galicia polo equipo do Instituto da Lingua Galega, da USC (<https://ilg.usc.gal/>). Proxecto en curso; ao rematar 2024 estaba integrado por 314.607 rexistros tirados de 307 obras de Galicia, Portugal e O Brasil. Os resultados ofrécese en aberto: <https://ilg.usc.gal/Tesouro/>.

Dorna

A palabra *dorna* permítenos esculcar no pasado común, mesmo en épocas preteritas para as que non é posible atopar testemuños directos.

1. As acepcións principais recollidas en todos os dicionarios portugueses e brasileiros refiren recipientes amplos, con lixeiras diferenzas en formatos e utilidades. Tomando como base os principais dicionarios da lingua portuguesa contemporáneos³, estes son os trazos definitorios: (a) un gran recipiente para líquidos, sen tampa, de boca máis larga do que o fondo, formado por doelas; (b) empregado para diversos procesos dentro da vinificación, que poden ser compatibles nos mesmos lugares (levar a vendima ao lagar, pisar as uvas, fermentar o mosto...). Aínda no ámbito agrícola algunhas obras acollen acepcións complementarias, como o recipiente “em que se bate e esmũa, por meio dos batedores, o grão da fécula” (Aulete, orixinal), coas mesmas características tipolóxicas de base có anterior; o que se amplía e incorpora tampa, convertido nun “grande tonel” (Priberam); e, xa sen doelas, a “pia para onde passa o vinho do lagar” (DLPC; rexionalismo, Alentejo). No ámbito doméstico, *dorna* pode denominar un recipiente grande, con capacidade abonda para tomar baño ou lavar roupa (Aulete, Houaiss); entre os trazos definitorios deste non se mencionan as doelas de madeira que probablemente tiña en orixe.

A lexicografía portuguesa e brasileira rexistra outras acepcións relacionadas coas anteriores mais xa non referidas a recipientes: un gran “redemoinho na corrente de um rio”, pola forma cóncava (DLPC, Aulete, Houaiss; rexionalismo, no Douro); “pessoa que está frequentemente embriagada”, de uso popular, polo contido alcohólico (DLPC, Infopédia, Priberam); e, recollida por case todos, “mulher baixa e gorda”, de uso informal, en alusión ao feitío (Aulete e Houaiss etiquétana como rexionalismo portugués).

No corpus lexicográfico galego a situación é ben diferente. En todos os dicionarios consultados⁴, a primeira acepción –con frecuencia única– remite a un tipo de embarcación tradicional, con características diferentes dependendo das áreas. A máis difundida no espazo e no uso é unha embarcación moi característica das Rías Baixas, polo xeral dedicada á pesca marítima, con quilla alta e cadernas, provista dun só mastro con vela de relinga e remos de apoio, e gobernada cun leme de cana. Algúns dicionarios recollen tamén *dorna* como denominación doutras embarcacións máis simples e pequenas, empregadas máis ben en mesteres fluviais ou auxiliares: pode ser unha especie de bote sen quilla nin vela, con forma de artesa ou dunha gran zoca (Cuveiro_1876, Porto_1900c, Rodríguez_1958), ou ben unha especie de catamarán

³ Foron considerados Infopédia, Priberam, DLPC, Houaiss, Ferreira, Aulete e Michaelis.

⁴ Ademais das obras anteriores á definición do padrón galego contemporáneo contidas en DdD, que serán referenciadas individualmente con autor e data na cita (formato: Otero_1977), tivéronse en conta os dicionarios DRAG, Xerais e Digalego.

formado por dous toros escavados, emparellados e unidos por unha plataforma de táboas, que se usaba sobre todo para pasar persoas, animais e mercadorías entre as dúas beiras do río (Carré_1951, Rodríguez_1958)⁵. Estas últimas acepcións son pouco coñecidas hoxe, como o é a mesma existencia dese tipo de barcos fluviais que algúns lexicógrafos localizan no curso ourensán do Miño. Esta liña de significados navais falta por completo nas fontes portuguesas e brasileiras; en galego foi rexistrada xa por Sarmiento_1746-1755c.

Varios autores inclúen ademais unha acepción moi semellante á descrita como principal para o portugués: unha vasilla en forma de artesa de madeira que se usa principalmente na adega, ben para recibir o mosto no lagar e deixalo nela a fermentar, ben para pisar nela a uva cando a produción é menor. Sarmiento_1746-1755c menciona o sintagma *pagar á dorna*, en referencia a cando a renda se pagaba en viño; no corpus medieval galego rexístrase con frecuencia a estipulación de que se pague en *viño á dorna* - *viño na dorna* - *viño de dorna*, isto é, ‘en mosto, ao ser espremido’ (primeiro rexistro: “metade del vino que Deus der ala dorna”, Vilafranca do Bierzo 1256; *TMILG*, s.v.DORNA).

2. O *TLPGP* amplía o universo denominativo con acepcións ausentes nos principais dicionarios, mais no esencial confirma as grandes liñas de significado expostas e a distribución territorial mostrada na alínea precedente. Para valorar a importancia da información contida e o seu valor de autoridade, cómpre ter presente que todos os datos están xeorreferenciados e foron recollidos directamente de falantes locais, en traballos de diverso teor; trátase por iso de léxico vivo, na forma e no significado, para as últimas xeracións, a maioría recollido a partir nos anos ’40 do século pasado.

En Portugal a voz *dorna* (coa variante *adorna*) está amplamente distribuída, con maior densidade na metade norte do Portugal continental e nos Acores. Confírmase o predominio absoluto dos significados como recipiente usado en labores relacionados coa cultura do viño, sen que sexa doado determinar ata que punto as concrecións nas definicións se corresponden con restricións reais ou son resultado da selección de usos característicos que os autores deciden ofrecer; en todo caso, non parecen diferir nos aspectos tipolóxicos (materiais empregados e forma) nin se advirten áreas baseadas en trazos semánticos determinados polo uso. Uns autores indican que é o recipiente en que se botan as uvas para ser transportadas en carros de bois para o lagar (Ilha Terceira, Vila Flor), polo que pode integrar a locución *dorna carreira* (Figueiró dos Vinhos); outros engaden que, ademais, é onde se pisan as uvas cando non se vendiman grandes cantidades (Semancelhe, Valpaços, Arcos de Valdevez, Freixo de Espada à Cinta, Idanha-a-Nova, Vagos, Oliveira do Bairro, Aveiro) e incluso se deixa o mosto a fermentar (Alijó); outros omiten o carrexo, para salientar só que nesta

⁵ Para a descrición destas dornas ou barcos de dornas, hoxe desaparecidos pero amplamente referidos na bibliografía etnográfica, véxase Ladra, 2024, p. 153-159.

perfia se teñen e esmagan as uvas (Ourém; Baião); outros xa a sitúan na fase final do proceso, para colocar baixo a chave de esgoto (Peso da Régua, Castro Marim); outros, en fin, só aluden á tipoloxía e ao uso na adega (Freixo de Espada à Cinta, Baião, Vila Real). Apoian o significado principal como recipiente outras atestacións: sen indicar ámbito nin uso (Ilha de São Jorge, Ilha do Faial, Sabugal); para usos domésticos, como o lavado da roupa (Ilha de São Miguel), ou industriais, coma o curtume do coiro (Ilha de São Miguel), a tintura das redes (Sines) e a salga do peixe (Ilha Terceira). Complétase a panorámica con atestacións populares, ben que moi escasas, do uso no campo da bebedeira (Vila Real) e do rexionalismo duriense como gran remuíño (Peso da Régua).

O Brasil segue a liña portuguesa, mais con acento propio. A *dorna* pasa da adega á destilería e adáptase invertendo a forma, coa parte máis larga na base: “Depósito usado para armazenar a cachaça. É feito de aduelas presas por três arcos, tem maior diâmetro no fundo, capacidade variável e geralmente fica em pé” (Paraná). O *APFB* (carta 49) coincide en *dorna* como “recipiente para água, álcool, cachaça, etc.”, amplamente documentada na Bahia (resposta única, 28 puntos espallados por case todo o estado); segundo as ilustracións, ten a base máis larga cá boca mais non ten doelas.

En Galicia confírmase tamén o predominio absoluto de significado como embarcación marítima con vela, rexistrado de forma masiva desde a ría de Muros e Noia ata o esteiro do Miño. A maior parte dos autores mencionan trazos distintivos que encaixan dentro da descrición da embarcación de pesca característica das Rías Baixas exposta na alínea anterior; non estamos en condicións de confirmar se algún dos que se limitan a consignar ‘tipo de embarcación’, todo o máis engadindo o trazo ‘pequena’, están testemuñando un dos outros tipos, sen vela, mencionados en §1.1.

En cambio, o significado enolóxico é residual. O *TLPGP* só o rexistra (‘vasilla onde se pisa a uva’) en Vilardevós, concello raiano coa rexión portuguesa de Trás-os-Montes, onde é usual, segundo se infire da descrición previa. A situación actual de Galicia é o resultado dunha perda⁶, pois na documentación medieval galega, coma na portuguesa, está amplamente documentado o uso de *dorna* como recipiente auxiliar na cultura do viño desde mediados do séc. XIII, ao punto de que a el corresponden todos os rexistros do corpus *TMILG*. O corpus latino altomedieval confirma sen lugar a dúbidas a presenza de *dorna* como parte do enxoval doméstico ou agrícola: “cubas, talias, escamnos, kadederas, lectos, intromissios, scalas, conkas, missorios, conpingiales, *dornas*, balneos et homne uassa uel perfiat” (*CODOLGA*, s.v. DORNA*; Lugo 910), “cupas, cupus, lectos, batedras, compendiales, concas, messorios, mansas,

⁶ Non se descarta por iso que en futuras achegas de léxico dialectal se documenten e localicen outros testemuños esporádicos como recipiente. Un dos revisores anónimos deste artigo apunta que “*dorna* tamén ten o significado de recipiente no que salgar a carne do porco, coa variante *dorneiro* en partes de Pontevedra”.

intermisios, *dornas*, karros, aratros, grates, mulino, uel omne utensilio plenario quod ad usum pertinet ad deseruiendum” (*Ib.*, Ferreira de Pallares 925).

3. No corpus documental galego medieval non abunda o léxico mariñeiro nin da navegación en xeral. Por iso non estraña a escaseza de rexistros escritos de *dorna* como embarcación, nin é obxección para aceptar a antigüidade da denominación coma a que os estudosos atribúen a estes tipos de barcos. Corominas (*s.v.* DUERNA) menciona un testemuño de Pontevedra anterior a 1456 coordinado con outras denominacións de barcos (“*Dornas*, trincados e galeas”, tomado de Casto Sampedro). No *Libro do Portovello* (Ourense 1431), que Ladra (2024, p.154) acepta como o rexistro máis antigo, refírese a existencia dos *barcos de dúas dornas* empregados para a pasaxe de persoas –suplindo a ponte derruída pola crecida do Miño naquel inverno–, ao tempo que se testemuña o uso de *dorna* para cada unha das pezas enlazadas: “Juan Martis, barqueiro, seu padriño, que tragia *hũu barco de duas dornas*” (Díaz; Pérez, 2020, p. 85), “desconçertar o dito barquo e tirar *hũa dorna da outra*” (*Ib.*, p. 104).

A orixe etimolóxica de *dorna*, en principio escura, ten dado lugar a controversia. Hoxe acéptase de modo xeral a posición de Corominas, pois é a única que, de maneira congruente, dá resposta a todas as interrogantes. Simplificando ao máximo a súa documentada argumentación (á que remitimos, *s.v.* DUERNA), trátase dunha voz prerromana, céltica, DŪRNO, capaz de explicar tanto galego e portugués /'ɔ/ coma a ditongación nas variedades hispánicas centrais (asturiano e español *duerna*), así como occitano *dorna* /'o/;⁷ desde o punto de vista semántico é aceptable, pois en orixe denominaría tanto unha medida coma o recipiente usado na medición; apoia a hipótese o feito de ser amplamente documentada no NW (galego, portugués e asturleonés), pero non nos outros territorios, cun substrato diferente.

4. Partimos logo dun recipiente de madeira, con boca ancha, apto para conter líquidos, estanco; os textos antigos testemuñan un uso xeneralizado na recollida e medición do mosto para pagar as rendas en viño. Pode ter múltiples usos domésticos ou vinculados a diversas tarefas de traballo (facer viño, salgar, curtir, tinguir redes, etc.), quizais adquiridos ao longo do tempo; aínda que os lexicógrafos se esforzan en recoller os trazos antigos (madeira, doelas, aros...), no uso actual obsérvase que se mantén a denominación para os formatos e materiais máis modernos. Estes son os significados máis característicos de Portugal; en Brasil o recipiente adapta a súa forma a conveniencia da cultura da *cachaça*; en Galicia esta acepción está practicamente desaparecida (*barcal*, *bacia*, *barreño*, etc.). Deste significado orixinario derivan por vía metafórica, como xa se apuntou, os relacionados coa bebedeira, coa constitución

⁷ Con certeza Corominas non ignora que /'ɔ/ galego e portugués e o ditongo -ue- de asturiano e español fan esperar un étimo con /ǫ/, pero non parece considerar isto unha obxección nun contexto románico máis amplo, que inclúe occitano /'o/ (< lat. /ǫ, ũ/). Téñanse en conta casos semellantes de excepción en galego, portugués e español, como *noz* /'ɔ/ e *nuez* (lat. NŪCEM) ou *neve* /'ε/ e *nieve* (lat. NĪVEM).

física humana e coa concavidade dos remuíños na auga, ningún deles rexistrado nas fontes galegas.

Non é este o único caso en que se produce o tránsito entre as denominacións de recipientes e as de enxeños de navegación, sexa con idéntica forma (*gamela*, *balsa*) sexa por medio de derivados (*barca* / *barcal*). Todo indica que esta é unha evolución característica do galego.

Murras ~ murnas

En ocasións enfrontámonos cunha grande amplitude de variación formal, con opcións que teñen moita semellanza fónica, polo que cabe supoñer unha base etimolóxica común, sen que poidamos determinar *a priori* se son ou non cognadas en sentido estrito; por parte, non é infrecuente que, xunto ao significado común que as relaciona, o mesmo significante estea asociado con acepcións que nos fan dubidar de se se trata de casos de polisemia, por ampliación semántica, ou de homonimia casual. Imos ilustralo coa información recollida para port. *murras* {murras, murre, burres, mulas} ~ gal. *murnas* {murnas, murnias, murlas, mulras, mulas, murras, murrias}.

Antigamente, e ata época ben recente, a única fonte de calor que había nas casas era o lume, polo xeral o da lareira pois só había braseiros nas máis acomodadas ou no reducido hábitat urbano. En calquera caso era frecuente a aparición de manchas vermellas nas pernas a causa da exposición moi próxima e prolongada a unha calor excesiva, sobre todo nas mulleres por causa do tipo de vestimenta; van acompañadas dunha lixeira inflamación e poden chegar a producir bochas. Son as *murras ~ murnas*, que no espazo galego-portugués tamén reciben o nome de *cabras*, *cabritas*, *maragotas*, *linguiças*, *morcelas* e *choriças*. Acéptase que *murras ~ murnas* ten unha orixe escura, polo que resulta pertinente analizar os datos da lingua falada –moito máis variados cós que pasaron aos dicionarios e á escrita– para valorarmos se os seus trazos e a súa distribución territorial achegan algunha luz.

Aínda que analizamos e consideramos o repertorio lexicográfico, imos basear a exposición nos datos obtidos da lingua popular a través do corpus do *TLPGP*. Facilmente se comprenderá que o concepto está moito máis presente en áreas de invernos rigorosos, e iso explica que a maior parte dos testemuños procedan de territorios interiores situados ao norte do río Texo, sobre todo nas montañas orientais e non na franxa litoral, máis benigna; en todo caso, mesmo considerando a importancia das condicións climáticas para unha maior presenza do concepto, é interesante facer notar que a comunión entre o galego e os dialectos portugueses setentrionais se asocia adoito coa antigüidade no sistema. A distribución xeográfica das solucións permite establecer que *murras* é a forma máis frecuente en Portugal, en consonancia con que tamén sexa a máis rexistrada polos seus dicionarios, xa desde o séc. XVI (*CLP*: Cardoso_1510-1569c); non o é tanto en Galicia, onde *DRAG* determina como forma estándar preferente *murnas*. As solucións con *murn-* basicamente son

galegas (oriente da Coruña), pois en Portugal só encontramos *murnas* na Ilha de São Jorge, cun significado derivado (“Mancha de bolor, geralmente nas paredes”). O repertorio lexicográfico galego acolle tanto *mulr-* coma *murl-*, moi infrecuentes, mais o *TLPGP* en Galicia só rexistra a primeira, esporádica. Tamén hai unha gran contradición entre o corpus lexicográfico e o dialectal a propósito de *mulas*, presente en case todos os dicionarios galegos pero non na fala; ambos os corpus coinciden, en cambio, na atribución a Trás-os-Montes (Houaiss, *DLPC*). Todas as formas en *-ias* son galegas e as rematadas en *-es* portuguesas, por un fenómeno dialectal coñecido na raia oriental⁸.

Como xa foi dito, a orixe é escura⁹. Corominas (*s.v.* MULO) menciona a voz *mula* (< MŪLA)¹⁰, que en catalán central e setentrional denomina outro tipo de equimose (a “que resulta de un roce prolongado, o de pesos que se llevan”, con frecuencia nas mans), sen xustificar a debilidade do vínculo semántico. Mais, en todo caso, interesa considerar que a partir de aí, a través dun diminutivo *MŪLŪLA, ofrece esta vía etimolóxica para “gall. *Murlas* (Santiago), *murras* (Pontevedra), *mulas* y *maragota* (<**muuotas*) (Lugo)”, sen máis apuntes sobre os cambios necesarios. En efecto, a partir de *MŪLŪLA, con perda da vogal postónica que non deixa -L -en posición de queda, é doado explicar *murlas* e *mulras* (disimilación de líquidas e metátese) e *murnas* (con cambio na alveolar); máis difícil é explicar *mula* (por medio de *MUL’LA e simplificación da xeminada?) e *murra* (a partir de *mulra*, con asimilación e redución de líquidas?). O desenvolvemento do iode en *-ia* non ofrece problemas en galego, sobre todo nas provincias orientais.

Sarmiento_1746-1755c suxeriu con inseguridade a relación co adxectivo MŪLLĒUS ‘vermello’, que ten ao seu favor a motivación semántica e en contra as dificultades para explicar a partir desa base a maior parte das variacións formais dialectais.

⁸ Completan o campo voces motivadas pola cor avermellada, coma a dos peixes que as mesmas tamén denominan: *cabras*, dispersa en toda a banda oriental do territorio mencionado; *cabritas*, ben dicionarizada pero non aboada no *TLPGP*; e *maragotas*, localizada por Sarmiento_1746-1755c en Lugo e que non se comproba no uso actual. E aínda, pola forma das inflamacións, *linguiça* (Chaves, Vila Real, Nisa), *morcela* (Marvão) e *choriça* (Marvão), todas en Portugal e rexistradas en concorrencia con algunha das formas léxicas maioritarias.

⁹ Machado (*s.v.* MURRA), co significado ‘nódoa’, só anota “Etimología controvertida (de *murrão*?)” e desvíase a Nascentes. Este (1955, *s.v.* MURRA) limítase a consignar: “A. Coelho deriva de *morrão*. Figueiredo compara con *murra*, pinta negra (prov. minhoto)”. Cunha (*s.v.* MURRA) só indica que se rexistra no séc. XVII.

¹⁰ No occidente da Península Ibérica, no dominio galego-portugués, lat. MULAM evolucionou coa perda de -L- intervocálico característica, *mua*, ben documentada desde mediados do séc. XIII, aínda que na altura tamén houbera rexistros esporádicos de *mula*, quizais por latinismo. A mediados do séc. XIV comeza a estenderse na escrita a forma refeita *mula* (influxo latino? castelán?), que despraza a autóctona e se converte en única para galego e portugués (*DDGM*, *s.v.* MULA).

Mais hai outra opción explicativa, con maior congruencia semántica cá suxerida por Corominas, con base na mesma voz prerromana que deixou como descendente *murra* ‘brasa ardente’ en éuscaro (OEH, s.v. MURRA). Agud e Tovar (1995, s.v. MURRA) mencionan que EWBS lle “atribuye origen gallego, *murra* ‘quemadura’”, ademais dunha posible conexión con “*borroa*, *borrea*, de donde *borralla* ‘ceniza’ (?)”. Certo é que en galego se documentan *amurrada* e *amurrar* como sinónimos, respectivamente, de *borrea* e *aborrear* (‘montón de terróns secos que se queiman e se usan como fertilizante para converter unha peza de monte en labradío’ e ‘facer e queimar ese montón’), mais de aí non se pode inferir que teñan o mesmo étimo; mostran, si, que a base *murr(a)* ten relación coa queima. A partir de MURRA e o dim. *MURRULA, explícanse tanto *murras* coma *murlas* (en posición implosiva só pode atoparse esta vibrante) e *mulras* (con metátese), así coma as outras solucións polas vías evolutivas xa expostas. Daquela non todas as variantes son cognadas en sentido estrito, pois unhas parten da base e outras implican a intervención dun sufixo -ULA: lema MURRAS {murras, murrias, murre, burres}, no galego meridional en continuidade con toda a área portuguesa; e lema MURNAS {murnas, murnias, mulras, mulas}, en Galicia e área portuguesa raiana.

Canto aos significados, deben considerarse relacionados os que implican inflamacións ou cambios de coloración na pel, ora en humanos, como “Señales que se ven en las canillas de los que andan descalzos” (Sarmiento_1746-1755c), “Llagas de las rodillas” (TLPGP, Aranga), “Frieiras” (TLPGP, Montalegre) e “Hemorroides” (García_1985), ora en vexetais, como “Excrecências parasitas nas árbores e no caule das couves” (TLPGP, Chaves); os que debuxan manchas irregulares sobre o terreo ou outros soportes, coma “Rocas dispersas por la playa” (TLPGP, Laxe), “Mancha de bolor, geralmente nas paredes” (TLPGP, Ilha de São Jorge) e os que se refiren ás pequenas clareiras provocadas por rozas no mato, no Minho (Otero_1977, Houaiss, Priberam); e, finalmente, os que implican a queima, coma “porção de matéria vegetal usada para alimentar a combustão de fogueira ou lareira”, no Minho e Trás-os-Montes (Infopédia), e “Canhoto grande, tronco ou raiz que fica vários dias a arder na lareira” (TLPGP, Chaves).

Sarolho ~ zorollo

Comecei a interesarme pola palabra *sarolha* motivada por Suzana Cardoso, de saudosa memoria. A presenza incontestable desta voz (coas variantes e derivadas *sarolhada*, *sarobada* e *zarolha*), de forma intensa no territorio bahiano como ‘terra levemente mollada’, descuberta a partir do APFB (1963), converteuse para ela nun exemplo perfecto para mostrar ata que punto a colecta dialectal ofrece datos preciosos aos que os investigadores non poderían chegar por ningún outro camiño, e tamén para reclamar a atención dos autores de dicionarios sobre os atlas lingüísticos e outros

traballos que recollen a variación xeolectal¹¹. Son formas case xeneralizadas na Bahía, pois constaban no 68% dos puntos do *APFB*, con maior concentración cara ao norte e nordés, mais non foran rexistradas con este significado polos lexicógrafos, nin en Portugal nin no Brasil; parecía evidente que a voz debía formar parte do acervo léxico portugués e os datos históricos viñeron confirmalo, ao poder documentar *çorolha* co mesmo valor no *Livro de Montaria* de D. João I (1415-1433).

Os datos levantados polo *Atlas Lingüístico de Sergipe* (ALS-I, 1987; ALS-II, 2002) viñeron apoiar os anteriores, estendendo a área compacta cara ao norte, pois no estado veciño foi rexistrado con moito vizo e aplicable a outras entidades (Cardoso; Rollemberg, 2009). Finalmente, o banco de datos do *ALiB* permitiu delimitar mellor a área do adxectivo *sarolho* ‘(terra) nem seca nem molhada’, integrando Alagoas e parte de Piauí, e baixo a variante con *z*- Pernambuco, Ceará, Maranhão e Piauí (Cardoso; Mota, 2017). É por tanto un trazo moi característico do Nordeste, aínda que non o cubra na súa integridade; con esta rede só parece estar excluído o extremo NE (Rio Grande do Norte, Paraíba e áreas limítrofes dos estados circundantes), como xa o estaba o S da Bahía.

Nas súas pescudas, Cardoso e as súas parceiras, realizaron un intenso traballo de documentación a partir doutras fontes, nomeadamente lexicográficas, para levantar outras variantes da mesma familia e localizar testemuños europeos con que encher o baleiro entre o rexistro mencionado do séc. XV e esa mostra de conservadurismo lexical atopada con tanto vigor no Brasil no séc. XX; tamén se ocuparon de analizar as propostas etimolóxicas para valorar en xusta medida as posibles innovacións producidas en América e por que camiños se puido chegar a elas. Propoñémonos sintetizar os seus datos, e completalos engadindo sobre todo información galega, para contribuír ao debate evolutivo tendo en conta o conxunto da tradición.

1. No Brasil, e só na área mencionada, a lingua popular mostra o vizo do adxectivo *sarolho* ~ *zarolho* como ‘(terra) humedecida pola chuvia’, acepción que falta nos dicionarios. Testemuños menos difundidos dentro da mesma área xeográfica indican unha extensión de usos aplicados a outras entidades, coincidentes en ‘levemente húmido, medio mollado’ (farofa, *beiju*¹²...), ‘non ben madurecido’ se a sazón implica sequidade (millo e outras gramíneas), ou ‘murcho’ se o punto óptimo comeza a se perder. Houaiss rexistra *zarolho* como adxectivo, “diz-se de gramínea, de erva de pastagem quando começa a amadurecer”, exemplificado con *milho zarolho* (rexiona-

¹¹ Ocupouse dela en diversos traballos ao longo da dilatada carreira, desde unha comunicación temperá presentada xunto con Vera Lúcia Rollemberg no II Congreso de ALFAL (São Paulo 1969) ao documentado artigo publicado en parcería con Jacyra Mota en 2017. O volume de homenaxe *Suzana Cardoso: um legado para a dialetologia brasileira*, editado pola UFBA, recolle os traballos máis significativos (<https://repositorio.ufba.br/handle/ri/34398>).

¹² Houaiss recolle *sarolho* ‘espécie de beiju’, como substantivo masculino, etiquetado como rexionalismo (Sergipe). No ALS, *beiju sarolho*, “redondinho, molhado com coco”.

lismo: Norte e Nordeste do Brasil); Ferreira, nesta liña, redúceo ao millo (“Diz-se do milho no começo da maturação”), coa mesma localización; Figueiredo e Priberam definen coma este e etiquétano como brasileiro.

En Portugal as fontes non ofrecen moitos datos, pero os testemuños illados abundan para comprobar que non se refiren especificamente á terra senón a outras entidades asimilables ás que no Brasil semellan secundarias. Así, Figueiredo e Aulete sitúan no Minho o adxectivo *zarolha* para “roupa mal enxuta”, o segundo completando co verbo *zarolhar* (“enxugar lixeiramente (roupa), secar passageiramente”)¹³; Aulete e Infopédia atribúen *sorolhento* (o segundo tamén *sarolhento*) ao Alentejo co valor “que não está maduro; verde” (exemplo *pera sorolhenta*), e a eles suma Piel *soralhaço* como termo alentezano co mesmo valor (e *saraço* como sinónimo no Alto Alentejo); Piel (1953, p. 294) aínda engade *zarolho* “trigo que não está bem seco, que está ainda verdoengo” en Alcanena (Ribatejo). No *TLPGP* rexístrase *acerolhar* como ‘secar, murchar, perder o vizo (plantas)’ en Trás-os-Montes.

En Galicia os datos apuntan na mesma dirección. O *DRAG* acolle o adxectivo *zoroño*, -a ‘Que contén ou conserva certo grao de humidade’, dando como exemplos *O trigo zoroño embaza o muíño* e *Desta fornada saíu o pan algo zoroño*, e remitindo como sinónimos a *lento*, *zorro* e *zumarento*; a voz tiña xa o seu percorrido na tradición lexicográfica galega como “el pan cuando sale húmedo por no haberse elaborado adecuadamente” (*DdD*: Otero_1951 [Vilaquinte-Cervantes], Carré_1951, Apéndice_1961, Franco_1972). Únense rexistros de *cerollo* ‘aínda verde’ aplicado á més e en concreto ao millo “que está algo verde y correoso, al tiempo de cogerse” (Valladares_1884, Carré_1951) e *zorollo* co mesmo significado, aplicado ao millo (Filgueira *et al.*_1926, Rodríguez_1958) ou á herba seca (Otero_1967); *zorollo* como “Fruta de hueso (ciruelas, claudias, etc.), cuando aún no están bien maduras” (Carré_1928, Ibáñez_1950, Rodríguez_1958); *zorollo* ‘murcho’ (Otero_1951). O *ALGa* (VI: 265) rexistra adx. *cerrolla* (Chandrexa de Queixa) como ‘castaña maia aínda non ben seca’. O *TLPGP* confirma a existencia de *zoroño* e *zorollo*, adxectivos con ese valor semántico nunha área centrooriental, aplicables a entidades como a leña, a palla ou o gran¹⁴; na costa galega occidental (seseante) rexístrase *sorulleira*, dentro da cultura mariñeira, aplicado a unha raia que está curada de poucos días (ou sexa ‘aínda non ben seca’).

Fóra do bloque galego-portugués, hai voces doutras variedades ibéricas que cómpre considerar. Non sendo o noso propósito pescudar o amplísimo campo da variación lexical no mundo hispánico, limitareime a consignar os testemuños aducidos por

¹³ Morais (s.v. ZAROLHA e ZAROLHAR) dá os mesmos significados ca Aulete, pero non os localiza.

¹⁴ O cambio entre consoantes palatais lateral e nasal non é un fenómeno habitual nin sistemático en galego, mais non faltan exemplos: *roncoño* (Franco_1972) por *roncollo* ‘que ten un só testículo’, *besgoño* (Rodríguez_1958, Franco_1972) por *vesgollo* ‘estrábico’, *estadoño* (*TLPGP*) por *estadullo* ‘parte do carro’.

Corominas (*s.v.* ACEROLA) con significados semellantes aos levantados para galego e portugués: *cerollo* ou *zorollo* ‘a més algo verde’ (*NTLLE*); *zorollo* en Almería aplícase a un manxar medio cru; “según GdDD 6088 *cerollo* sería navarro y gallego; *zorollo* gallego, leonés y murciano; *sorroyo* andaluz”. No mundo hispánico, en América e Europa, os mesmos e parecidos significados son expresados tamén por *zarazo* (*sa-*, *se-*), que pode ter vínculos etimolóxicos (Corominas, *s.v.* ZARAZAS).

En definitiva, os datos europeos (galegos ou portugueses) amplían o abano de entidades ás que é de aplicación a calidade expresada polo adxectivo e validan a conclusión de Cardoso/Rollemberg (2009, p. 279) de que “persiste un traço constante, o de estadio *intermediário, incompleto, imperfeito*, que designa a terra nem seca nem molhada, un tipo de farofa lixeiramente molhada, certo tipo de beiju umedecido, frutos e cereais em geral mal amadurecidos, ou aínda, roupa mal enxuta”. O conservadurismo mostrado polo léxico rural do Nordeste brasileiro mantendo este adxectivo antigo, case desusado en Portugal, combínase coa forza da innovación ao aplicarse á terra levemente humedecida pola chuvia ou a rega, unha creación americana.

Hai outros tres grupos semánticos para os que atopamos de xeito recorrente formas iguais ou similares ás contempladas ata agora. Un é o que ten que ver co port. *zarollo* ‘estrábico, torto’ {zarollo, zarolhe, zaroia, zanolho, zaolho, zarojo...} que os dicionarios adoitan incluír baixo a mesma entrada cós anteriores, como un caso de diversificación semántica e non de homonimia; sen esquecer a dificultade do vínculo motivacional, advertimos que como punto de partida non vale nin para o galego nin para as variedades dialectais ao N do Douro –xusto as áreas con maior intensidade das voces tratadas–, pois alí é descoñecida (no seu canto empréganse *mirolho*, *birolho* ~ *birollo* e outros sinónimos). Outro é *cerollo* {ceroyo, zorollo, zurrullo} ‘tipo de ameixa’ polo xeral silvestre, que o *TLPGP* recolle nunha área galega oriental que complementa a descrita máis arriba para *zoroño*. O *ALGa* (VI: 226b, 228) rexistra {zorollo, zorollo, cerollo, zorollo} para ‘abruño’ e outros tipos de ameixa xeralmente non cultivada; en *ALGa* (V: 89) *cerollo* ‘(persoa) baixa’, aparentemente pola pequenez asociada aos froitos silvestres. Corominas (*s.v.* SERONDO, ‘tardío’, de *SERŌTĪNUS*) menciona *seroñu* en Colunga (Asturias) aplicado aos froitos que tardan en madurar. O terceiro é *zurullo* {zurullo, zorollo, cerollo} ‘bóla ou tarugo compacto dunha substancia branda, con frecuencia excrementos’ (*DRAG*, *TLPGP*).

2. A orixe é descoñecida. Algunhas das hipóteses etimolóxicas non pasan de ser suxestións lanzadas como posibles vías exploratorias, con achega de novos datos esporádicos que invalidan ou reorientan outras anteriores.

Piel (1953, 292ss) tenta explicar a voz alentexana *sorollhento* (e con ela *sorolhaço*, *zarollo*, *saraço*, etc.) e, parecéndolle evidente a vinculación con ‘serodio’, propón **SĒRŪCŪLUS*, dim. de *SĒRUS* ‘tardío’, que explicaría tanto a forma **serollo* que subxace en *sorollhento* (o cambio na pretónica por asimilación) coma as voces españolas *seroja* e *seroja* “conjunto de folhas secas que caem de uma árvore”. A dificultade da consoante

inicial non lle pasa desapercibida, mais tampouco fai mudar a súa posición: ante as noticias das formas miñotas de *cerolha* e *zarolha*, comenta que corresponden a **serolho*, “o primeiro con grafía errada, o segundo confundido con *zarolho*”; ante a forma *zorollo* do español, co mesmo significado aplicado ao trigo que non chega a estar maduro, confirma que “não obstante o *z*, deve fundamentalmente ascender a **SĒRŮCŮLU*, pois a etimología que se lê no Dicionário da Academia: «del lat. *CĒREŮLUS* ‘amarillo, de color de cera’», mal se concebe como designación de um trigo, (...). Para mais, aquele derivado de *CĒRA* sobrevive en castellano, na forma feminina, como nome de uma espécie de ameixa: *ciruela*, e com uma evolução fonética que não estaria conforme com a de *zarolho*”. García de Diego (1954) propón o mesmo étimo, pero xa Corominas (*s.v.* ACEROLA) sentencia “etimología improbable en vista de la *c*- general”¹⁵.

Joan Corominas considera as voces portuguesas e galegas mencionadas xunto con esp. *cerollo* e *zorollo* (adx.) e os outros testemuños ibéricos citados máis arriba. A súa hipótese máis argumentada, exposta con cautela, é que “quizá proceda de *azarolla* ‘acerola’ (...), aplicados a las mieses que en el momento de segarlas están algo verdes, por comparación con el sabor agrillo de la acerola” (Corominas, *s.v.* ACEROLA). No inicio do artigo dá noticia de rexistros aragoneses, valencianos e galegos con *-ll-* no canto do *-l-* que triunfou en cast. *acerola*, port. *azarola* e cat. *atzerola*, e incluso dun cántabro *aceroja*, dando así mostras de que ademais dunha cadea que conduciu a *-ola* (semiculta? 1ª doc. 1611), houbo outra antiga que levou a *-olla* ou a *-oja*; non obstante, semella que é a presenza da consoante lateral (*-olho* no canto de *-olo*?) o que o leva a suxerir que o dial. brasileiro *zarolho* e o alentejano *sorolhento* poidan ser préstamos do castelán¹⁶.

Os lexicógrafos e etimólogos portugueses apenas se teñen ocupado. Morais (*s.v.* ZAROLHO), despois da acepción “*Pop.* Cego de um olho”, engade sucesivamente, entre a ampliación semántica e a xustificación evolutiva a partir da mesma base, “Por extensão, diz-se de qualquer obra por acabar, de qualquer coisa mal feita” e “Diz-se do milho, no começo da maturação”.

3. Nesta perspectiva e tendo en conta a disposición territorial das variantes coñecidas, ofrecemos as seguintes consideracións para contribuír ao debate sobre a orixe e evolución destas formas.

A amplitude da difusión destas formas léxicas, hoxe dispersas entre Galicia e o Alentejo –con testemuños illados ou formando manchas–, suxire que son voces

¹⁵ O dicionario da RAE (*NTLLE*, *s.v.* CEROLLO, ‘mieses verdes’) pasou de preguntar “¿Del teutón KERN, trigo?” (1884) a soster longo tempo como étimo “Del lat. *CĒREŮLUS* blando como la cera” (ata 1947, inclusive), para incorporar a proposta **SERUCULUS* de Piel a partir da edición de 1956. Finalmente “Quizá de *azarolla*, por comp. con su sabor agridulce” (*DLE*, *s.v.* CEROLLO).

¹⁶ “Los port. dial. *zarolho* y *sorolhento* ‘mal sazonado, verde’, siendo aquél provincialismo brasileño y éste alentejano, quizá sean préstamos del castellano” (Corominas, *s.v.* ACEROLA).

tradicionais que no pasado tiveron unha implantación máis intensa e compacta no territorio. A panoplia de significados vinculados á vida rural non contradí esta hipótese e, en cambio, obriga a deixar en suspenso a suxestión de que puideran ser préstamos do español. Dentro dese vasto espazo rural consérvase con maior frecuencia en áreas interiores da Galicia oriental, do Minho e de Trás-os Montes.

Gal. *-ollo* ~ port. *-olho* e cast. *-ollo* non son cognados. O sufixo diminutivo *-UCULUS* explica obviamente as solucións occidentais, pero no dominio castelán só pode dar lugar a *-ojo*; por contra, castelán *-ollo* correspóndese adoito con galego e portugués *-olo* (*meollo* vs *miolo*, *bollo* vs *bolo*, *centolla* vs *centola*...). Vista a abundancia de testemuños con consoante palatal no romance occidental, tórnase probable que –de existir un préstamo– este circulase en sentido contrario ao suxerido por Corominas, desde a franxa atlántica cara ao leste.

A presenza de interdental /θ/ nas áreas galegas non seseantes (opoñen /θ/ *cocer* a /ʝ/ *coser*) –e o mesmo noutras variedades hispánicas do norte con *z-* fronte ao *s-* inicial do testemuño andaluz– fai moi improbable a hipótese dun étimo comezado por *s-*, como **SERŬCŬLUS*. O territorio galegófono divídese entre un mosaico de áreas seseantes contiguas en occidente, con diferentes subsistemas de sibilantes pero unificadas por non xeraren /θ/ a partir do sistema medieval, e a gran área non seseante que conta cun fonema interdental evolucionado a partir das antigas africadas dentoalveolares. A variante *sorulleira* mencionada pode ser unha boa mostra da primeira opción; *zoroño* e *zorollo* sono da segunda. O testemuño antigo de *çorolha* [ts] no *Livro de Montaría* de D. João I (1415-1433), aducido polas colegas brasileiras, apunta no mesmo sentido. Por tanto, só se podería aceptar **SERŬCŬLUS* admitindo que houbo un cruzamento con outra forma con [ts] ou [dz] en época moi temperá.

A recorrencia ibérica desta familia para indicar que un froito ou produto non alcanzou o punto óptimo de sazón é indicativa de que ese é o significado primitivo, polo que o étimo debe ser congruente con el. O trazo orixinal non é a humidade sobrevinda por intervención dun axente externo, coma no significado maioritario na evolución brasileira.

Changüí

Esta defensa da importancia da investigación dialectolóxica, e máis particularmente da xeolingüística, conclúe con esta voz que cruzou o mar nas dúas direccións e que acabou unindo tamén Galicia e O Brasil. Ben se advirte que as características morfolóxicas e fonéticas da palabra non son as dunha forma patrimonial en ningún dos romances ibéricos. O misterio desta forma estraña, de forte implantación popular nalgúns sistemas, ten dado lugar a interpretacións que poden cadrar ben co imaxinario popular dalgunhas sociedades pero non se compadecen cos datos lingüísticos (cronoloxía, localización, trazos semánticos, oportunidade...).

Existe en diversos países de lingua española, sobre todo en América, pero dentro do bloque galego-portugués só se rexistra en Galicia e no Brasil, con status e significados moi diferentes. A escasa información que posuímos do uso no Brasil é dunha voz de marcado carácter dialectal (Rio Grande do Sul) e procede de fontes lexicográficas, non contrastable con datos tirados de pesquisas dialectolóxicas nin localizada por nós no corpus; en Galicia, en cambio, algúns dos significados forman parte da tradición e están ben aboados polo uso popular, sobre todo na costa suroccidental.

En portugués, a primeira noticia é de Figueiredo (1899): “CHANGUI, *m. (bras. do S.)* Concessão que se faz ou partido que se dá, em jogos de corridas. (T. cast.)”, e mais o derivado CHANGUEIRO “Cavallo pára pequenas corridas”, coa mesma localización; o significado é o mesmo que dá o rexionalista Callage (1928) no seu Vocabulário gaúcho (*s.v.* CHANGUI)¹⁷. Houaiss (*s.v.*) corrobora o uso, precisa a localización meridional en Rio Grande do Sul e engade a locución *dar changüí* (“dar trégua; poupar | conceder vantagem ao adversário no jogo”; no comentario etimolóxico, seguindo a Nascentes, remite á variedade de español veciña: “esp. *changüí* ‘chasco, engano, burla, vaia’, pelo plat. *changüí*”). Ferreira (1986: *s.v.* CHANGUI) só dá conta da locución *não dar changui*, coa mesma localización e hipótese sobre a orixe riopratense.

O principal significado en galego é o que resume sucintamente o *DRAG* como “Quiñón que se obtén da venda dunha cesta de peixe”, moi distante do valor americano, mais o dicionario académico tamén recolle a locución *facer o changüí* ‘enganar a alguén no xogo’. En toda a costa das Rías Baixas, desde Fisterra á Guarda (cf. *TLPGP*, cartografía), o *changüí* formou parte dun antigo sistema retributivo á parte, no que os mariñeiros recibían esta gratificación extra, a maiores do quiñón ou do salario, como diñeiro de peto para os seus gastos; de aí pasou a denominar unha pequena cantidade de diñeiro que se obtén de forma esporádica ou imprevista, e incluso ‘propina’. Secundariamente, disperso dentro e fóra da área mencionada, ocorre o valor semántico de ‘vantaxe, polo xeral finxida, que se dá no xogo’, coma o observado no español riopratense, nunha área de intenso contacto con Galicia por causa da emigración. Naturalmente, a pesar da distancia semántica, só cabe supoñer un étimo común: de onde e por que camiños descoñecidos chegou a estraña voz *changüí* e se fixo parte de nós?

A cronoloxía dos testemuños escritos é moi ilustrativa, pois o primeiro rexistro lexicográfico é cubano e sitúanos no ámbito das diversións dos estamentos menos prestixiados da pirámide social, afrocubanos (Pichardo, 1836: “Bailecillo y reunion de gentualla á estilo de cuna”). Esta información obriga a deixar de lado a hipótese dunha orixe no inglés *chance to win* ‘posibilidade de gañar’, lanzada en documentos

¹⁷ Exemplifícao cun treito tomado doutro escritor comprometido coa identidade gaúcha, Luiz Araújo Filho (1905): “O que aconteceu foi que os inimigos eram muitos e não deram changüí”. O mesmo é único significado, máis recentemente, na compilación pampeana de Schlee (2019), con fraseoloxía engadida.

divulgativos sen autoridades nin fontes solventes, como hipótese explicativa do significado riopratense; ademais da conexión improbable dunha denominación inglesa para os ritmos e bailes afrocubanos en data tan temperá, está o feito de que os anglicismos cubanos son préstamos posteriores vinculados á modernidade e snobismo das clases altas no séc. XX (Sánchez Fajardo, 2016). En cambio, reforza a hipótese de que se trate dun africanismo no español americano lanzada desde Cuba por Fernando Ortiz (1923, p. 13; 1924, p. 164-166), do congo *changüü* ‘baile’, relacionado co v. *sanga* ‘bailar, saltar de alegría, exultar’.

Daquela *changüü* entraría no sistema neolatino nas Antillas, como préstamo lingüístico dunha das linguas africanas que cruzaron o mar cos continxentes de escravos, referida a elementos propios da súa cultura, logo popularizados. Na expansión americana, demorada no tempo e moi intensa nos países de lingua española, o termo *changuí* iría adquirindo unha notable diversificación semántica e instalándose de xeito diferente nas diferentes variedades rexionais do español. Falta no Brasil, salvo no espazo transfronteirizo máis meridional. De América cruzou de novo o mar ata o español popular europeo, a través de Andalucía, a porta de Indias; e, sobre todo a Galicia, acompañando os fortes fluxos migratorios do séc. XIX e primeiras décadas do séc. XX, que tanto conectan intimamente o galego con Cuba ou coa Arxentina coma con outros países do arco americano¹⁸.

Dentro da gran diversidade semántica iberoamericana –do folclore ás retribucións, de condutas sociais (reprobables) ao beneficio inesperado, da diversión á competición...–, subxace sempre como trazo a marxinalidade, a minusvaloración, o carácter non regrado. A consideración de todas as fontes levounos a suxerir o seguinte itinerario expansivo: (a) segundo o testemuño afrocubano máis antigo, ritmo e baile de negros, marxinal, e por extensión calquera outra reunión de persoas de clase social baixa, sen a etiqueta social establecida polas clases medias e altas, e logo, aínda, ‘barullo, confusión, desorde’; (b) vantaxe que se dá a un competidor fóra das regras, con diversas intencións mais polo xeral comporta ‘engano, burla’; (c) unha gratificación graciosa, que non computa dentro do salario nin forma parte das estipulacións recoñecidas como dereito. Ata onde puidemos investigar, esta última é unha evolución propia do galego e forma parte dun proceso que xa estaba adiantado antes de rematar o séc. XIX; na nosa opinión, o cambio producido nas Rías Baixas é denominativo, substituindo un termo tradicional (coma os sinónimos *caiaxe* ou *chona* doutros lugares) por unha nova palabra americana eufónica que engade un toque humorístico denotativo da insignificancia.

¹⁸ Ocupámonos con maior amplitude desta voz e a súa expansión americana no Simposio ILG 2021, celebrando o 50º aniversario do Instituto da Lingua Galega (<https://ilg.usc.gal/gl/actividades/simposio-ilg-2021>). Esperamos velo publicado neste ano (ao coidado de Xavier Varela e Eduardo Moscoso).

Cabo

No noso ánimo de romper unha lanza pola dialectoloxía para o coñecemento das vicisitudes históricas da lingua e da cultura, seleccionamos catro estudos de caso nos que a etimoloxía é descoñecida ou controvertida, ou en todo caso necesitada de nova información que discuta, matice ou corrobore as hipóteses máis difundidas. Quixemos mostrar asemade a conveniencia de abandonar a limitación dun punto de vista que non permita ollar máis lonxe da realidade circundante máis inmediata –co risco permanente de tirar conclusións locais *ad hoc*–, salientando a importancia de contemplar conxuntamente, cando menos, Galicia, Portugal e O Brasil. A través dos catro casos seleccionados evidénciase unha constante coa que os dialectólogos nos enfrontamos a cotío: a rica multiplicidade de variantes formais e semánticas distribuídas polo territorio que, con altísima frecuencia, faltan nos repertorios lexicográficos e non se conteñen nos corpóra escritos.

O estudo de *dorna* ilumina un pasado remoto. Nas súas conclusións parciais é compatible coa proposta de Joan Corominas de que ten un étimo prerromano, céltico, DŪRNO, que apunta a un recipiente usado na medición e/ou outros labores agrícolas ou domésticos. Na distribución xeolingüística obsérvase que os datos de Portugal son os máis próximos á orixe; tamén en certo modo os rexistros brasileiros, pois manteñen o trazo ‘recipiente para líquidos’, modificando a fisionomía para se adaptar a novos usos. A sorpresa xorde en Galicia: o significado que está no imaxinario de todos os galegos, moi vinculado ao patrimonio identitario como denominación dunha embarcación ancestral, é unha innovación antiga a partir do significado primitivo ‘recipiente estanco’; este, moi ben testemuñado na documentación latina e romance, perdeuse case por completo na lingua moderna, substituído por outras voces.

A multiplicidade de formas no corpus dialectal a partir dunha suposta base común levounos a seleccionar o caso de *murras* ~ *murnas*: dunha parte, *murr-*, *murn-*, *murl-*, *mulr-*, *mul-*, *burr-*; doutra, *-a(s)* e *-ia(s)*, e aínda *-as* e *-es*. Na exposición obsérvanse discrepancias notables entre o corpus lexicográfico e o dialectal canto ao grao de presenza dalgunhas variantes. O significado que as unifica a todas é o de ‘manchas que se forman na pel provocadas pola excesiva calor do lume’; as extensións semánticas e a concorrencia con outras formas léxicas sinónimas son tratadas secundariamente. A análise dos datos procedentes do uso popular, dispostas sobre o territorio –en *continuum*, sobre todo ao N do Texo–, levounos a postular que haxa dúas bases etimolóxicas conectadas entre si: *MURR-, que ocupa o sur de Galicia e predomina en toda a área portuguesa {murras, murrias, murre, burres}, e a derivada por medio dun sufixo -ULA, con solucións localizadas en Galicia e a área portuguesa raiana {murnas, murnias, mulras, murlas, mulas}. Todas en relación coa voz prerromana que deixa *murra* ‘brasa ardente’ en éuscaro.

O vizo do adxectivo *sarolho*, *-a* no Nordeste brasileiro co valor semántico ‘hume-decido levemente’ –levantado pola xeolingüística a fins do séc. XX– chamou a

atención dialectolóxica por se tratar dunha voz escasamente dicionarizada e en todo caso nunca con este valor, a pesar de que non se podía poñer en dúbida que formase parte do acervo léxico portugués. Na exposición ampliamos o foco para poder mostrar conxuntamente os datos galegos e portugueses, á procura da localización de formas e acepcións que permitan conxectar a base trasladada ao Brasil; asemade, a contemplación do conxunto contribúe ao debate sobre unha orixe etimolóxica que segue a ser escura. En suma, os datos europeos –galegos e portugueses– son categóricos no valor semántico ‘que non está no punto óptimo de maduración’ (gramíneas, froitas...), polo tanto máis próximo dos usos que hoxe se consideran secundarios nos falares nordestinos; a acepción referida á terra ‘nin seca nin mollada’ falta por completo, polo que concluímos que é unha creación feita alén mar. A disposición espacial das variantes ibéricas –concordantes co testemuño máis antigo *çorolha*, primeiras décadas do séc. XV– permiten concluír que o étimo ten que partir dunha antiga consoante africada, e isto deixa en entredito a hipótese que o vincula coa familia lat. *SERUS*; tamén se pon en cuestión a terminación, pois port. *-olho* ~ gal. *-ollo* non é cognada de esp. *-ollo*.

Finalmente, quixemos ocuparnos da voz *changüí* por ser un exemplo curioso de palabra transoceánica, que cruzou o mar en máis dunha ocasión, para ofrecer acepcións diferentes –en ocasións innovacións moi distantes e peculiares– cada vez que arraigou nunha ou outra beira. Se as hipóteses se confirman, viaxou de África ás Antillas e de alí ao continente americano, expandida nos países de lingua española, e logo a Europa. Nese complexo periplo alcanzou de forma anecdótica o Sur do Brasil –en irmandade transfronteiriza co español riopratense–, e moi intensamente a costa suroccidental de Galicia, cun significado vinculado ao mundo máis tradicional da pesca, que non demos comprobado en ningún outro lugar.

Referencias

AGUD, M.; TOVAR, A. Diccionario Etimológico Vasco. VII. Korpa-Orloi. Donostia: Gipuzkoako Foro Aldundia Donostia. <https://ojs.ehu.eus/index.php/ASJU/article/view/8617/7783>

ALGa = GARCÍA, C.; SANTAMARINA, A. (dir.). Atlas Lingüístico Galego. Vol. V: Léxico. O ser humano (1). [Coordinado por R. Álvarez; F. X. Dubert García; X. C. Sousa Fernández]. A Coruña: Instituto da Lingua Galega/Fundación Barrié, 2005.

ALGa = GARCÍA, C.; SANTAMARINA, A. (dir.). Atlas Lingüístico Galego. Vol. VI: Léxico. Terra, plantas e árbores. [Coordinado por F. Fernández Rei]. A Coruña: Instituto da Lingua Galega/Fundación Barrié, 2016.

ALS-I = FERREIRA, C. et al. Atlas Lingüístico de Sergipe. Salvador: UFBA - Instituto de Letras; Fundação Estadual de Cultura de Sergipe, 1987.

ALS-II = CARDOSO, S. A. M. da S. Atlas Lingüístico de Sergipe II. Salvador: EDUFBA, 2005.

APFB = Rossi, Nelson. Atlas Prévio dos Falares Baianos. Rio de Janeiro: Ministério de Educação e Cultura; Instituto Nacional do Livro, 1963.

AULETE, F. J. C.; VALENTE, A. L. dos S. iDicionárioAulete. Lexikon Editora DigitalLtda. https://www.aulete.com.br/site.php?mdl=aulete_digital&op=o_que_e

CARDOSO, S. A. M.; ROLLEMBERG, V. A vitalidade de *sarolha* nos falares bahianos. Universitas, v.12-13, p. 241-249, 1987.

CARDOSO, S. A. M.. A contribuição dos atlas lingüísticos aos estudos de lexicografia: o que oferecem o ALS-I e o ALS-II. In: CARDOSO, S. A. M.; MEJRI, S.; MOTA, J. (dir.). Os dicionários: fontes, métodos e novas tecnologias. Salvador: Vento Leste, 2011.p. 315-330.

CARDOSO, S. A. M.; MOTA, J. A. Estudos geolinguísticos: caminhos seguidos no território brasileiro. Lingüística, v.33-1, p. 89-105, 2017.

CARDOSO, S. A. M.; Rollemberg, V. E a (nossa) terra continua *sarolha*? In: CARDOSO, S.; COSTA, S.; Ribeiro, S. (org.). Dos sons às palavras: nas trilhas da língua portuguesa. Homenagem a Jacyra Mota. Salvador: EDUFBA, 2009. p. 263-281.

CLP = VERDELHO, T.; SILVESTRE, J. P. M. (dir.). Corpus Lexicográfico do Português. Universidade de Aveiro; CLUL. <http://clp.dlc.ua.pt/Inicio.aspx>

CODOLGA = CARRACEDO FRAGA, X. (dir.). Corpus Documentale Latinum Gallaeciae. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <https://corpus.cirp.gal/codolga/>

COROMINAS, J.; PASCUAL, J. A.. Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico. Madrid: Gredos, 1991-1997.

CUNHA, A. G. da. Dicionário etimológico Nova Fronteira da língua portuguesa. Rio de Janeiro: Editora Nova Fronteira, 1996.

DAVIES, M.; FERREIRA, M. Corpus do Português. <http://www.corpusdoportugues.org>

DLE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA. Diccionario de la lengua española. En liña. <https://dle.rae.es>

DdD = SANTAMARINA, A. (dir.). 2003. Dicionario de dicionarios. En liña. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <https://ilg.usc.gal/ddd/>

DDGM = GONZÁLEZ SEOANE, E.; BOULLÓN AGRELO, A. I.; ÁLVAREZ DE LA GRANJA, M.; GÓMEZ GUINOVART, X. (2006). Dicionario de Dicionarios do Galego Medieval. Corpus lexicográfico medieval da lingua galega. En liña. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.gal/ddgm/>

Digalego = Dicionario de galego. En liña. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. <https://digalego.xunta.gal/>

DLPC = ACADEMIA DAS CIÊNCIAS DE LISBOA. Dicionário da Língua Portuguesa. En liña. <https://dicionario.acad-ciencias.pt/#>

- DRAG = REAL ACADEMIA GALEGA. Dicionario da Real Academia Galega. En liña. <https://academia.gal/dicionario>
- EWBS = LÖPELMANN, M. Etymologisches Wörterbuch der baskischen Sprache. Dialekte von Labourd, Nieder-Navarra und La Soule. Berlin: De Gruyter, 1968. <https://doi.org/10.1515/9783110870824>
- FERREIRA, A. B. de H. Novo dicionário da língua portuguesa. Rio de Janeiro: Editora Nova Fronteira, 1986.
- FIGUEIREDO, C. de. Nôvo dicionário da língua português. Lisboa: Livraria Tavares Cardoso & Irmão, 1899.
- García de Diego, Vicente. Diccionario Etimológico Español e Hispánico. Madrid: S.A.E.T.A., 1954.
- HOUAISS, A. et al. Dicionário Houaiss da língua portuguesa. Rio de Janeiro: Objetiva [versión electrónica], 2001.
- Infopédia = Dicionário infopédia da Língua Portuguesa. En liña. Porto: Porto Editora. <https://www.infopedia.pt/dicionarios/lingua-portuguesa/>
- LADRA, L. Barcas e barcos dos ríos galaicos. O patrimonio fluvial naval. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 2024.
- MACHADO, J. P. Dicionário etimológico da língua portuguesa. Lisboa: Horizonte, 1977.
- Michaelis, Henriette. Michaelis Dicionário Brasileiro da Língua Portuguesa. En liña. São Paulo: Melhoramentos. <https://michaelis.uol.com.br/moderno-portugues/>
- NASCENTES, A. Dicionário etimológico da língua portuguesa. Rio de Janeiro: Livraria Acadêmica, 1955.
- NTLLE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA. Nuevo tesoro lexicográfico de la lengua española. En liña. Madrid: Real Academia Española. <https://apps.rae.es/ntlle/SrvltGUISalirNtlle>
- OEH = EUSKALTZAINDIA. Orotariko Euskal Hiztegia. https://www.euskaltzaindia.eus/index.php?option=com_oehberria&task=bilaketa&Itemid=413&lang=eu
- ORTIZ, F. Un catauro de cubanismos. Apuntes lexicográficos. Habana, 1923.
- ORTIZ, F. Glosario de afronegrismos. Habana: Imprenta El Siglo XX, 1924.
- PICHARDO, E. Diccionario provincial de voces cubanas. Matanzas: Imp. de la Real Marina, 1836.
- PIEL, J. M. Miscelânea de etimologia portuguesa e galega. Coimbra: Acta Universitatis Conimbrigensis, 1953.
- Priberam = Dicionário Priberam da Língua Portuguesa. En liña. <https://dicionario.priberam.org/>
- SÁNCHEZ FAJARDO, J. A. Anglicisms in Cuban Spanish. Tesis doctoral. Universitat d'Alacant, 2016. <http://hdl.handle.net/10045/63468>
- TLPGP = ÁLVAREZ, R. (coord.). Tesouro do léxico patrimonial galego e português. En liña. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <https://ilg.usc.gal/tesouro/>

SCHLEE, A. G. (2019): Dicionário da Cultura Pampeana Sul-Rio-Grandense. 2 vols. Pelotas: Fructos do Paiz.

TMILG = VARELA BARREIRO, X. (coord.). Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega. En liña. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <https://ilg.usc.gal/tmilg/>

VAQUERO DÍAZ, B.; PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J. Libro do Portovello. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2020. <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4362>

Xerais = CARBALLEIRA ANLLO, X. M. (coord.), Gran Dicionario Xerais da Lingua. Vigo: Edicións Xerais, 2000.